

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

SUBVENCIONS DESTINADAS Á RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS

Resolución do 16 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2021 (IN414B e IN414C). (DOG nº 59 do 29/03/2021).

Actuacións subvencionables

Electrodomésticos subvencionables	Consumidor xeral	Consumidor vulnerable	Consumidor vulnerable severo
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D			
Lavadora A, B ou C	100	200	300
Lavalouza A, B ou C			
Placas de indución total	100	200	300

É subvencionable a renovación de electrodomésticos con etiqueta de clasificación enerxética A+++ . Para acceder á subvención hai que entregar o electrodoméstico retirado a un xestor autorizado.

Un beneficiario só poderá recibir axuda pola substitución dun único electrodoméstico de cada unha das tipoloxías de equipamentos incluídos e cun máximo de dous electrodomésticos por beneficiario.

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos.

Para os efectos desta convocatoria considéranse consumidores vulnerables e vulnerables severos os que cumpran os requisitos establecidos no Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica e sexan beneficiarios do bono social eléctrico.

Persoas beneficiarias

As persoas físicas que realicen algunha das actuacións establecidas nesta convocatoria nunha vivenda en Galicia. Para ser beneficiario terá que tramitar a súa solicitude a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren na listaxe que se publique na páxina web do Inega, www.inega.gal

Forma de presentación de solicitudes (IN414C)

As solicitudes subscribiranas directamente as entidades colaboradoras.

Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras..

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes de axuda **comezará o 20 de abril de 2021 ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2021** ou cando se esgoten os fondos.

Información ás persoas interesadas

Na páxina web do Inega (www.inega.gal) e no correo electrónico (inega.info@xunta.gal).

No teléfono 981541500.

Presencialmente no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981541500.

